

La poésie galicienne de 1936 à 1990

Xabier Cordal Fustes

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL FUSTES, XABIER (2011 [1999]). “*La poésie galicienne de 1936 à 1990*”. *A Trabe de Ouro*: 40, 157-158. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1168>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL FUSTES, XABIER (1999). “*La poésie galicienne de 1936 à 1990*”. *A Trabe de Ouro*: 40, 157-158.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

LA POÉSIE GALICIENNE DE 1936 À 1990

Xabier Cordal Fustes

Co subtítulo *Poésie en Galice aujourd'hui* chéganos desde Bélxica esta antoloxía bilingüe, editada non sen apoios heteroxéneos –tamén esforzos individuais–, que van desde a propia Xunta de Galicia ata diversas institucións de Namur, no país valón. Nesta «Casa da Poesía de Namur» que figura na capa téñense antologado xa, comprobamos ao final do libro, palabras de diversos idiomas e nacións europeas, desde Cataluña ata Austria, pasando por Armenia, Rusia, ou España, entre outras. O prólogo e a selección de textos son responsabilidade de Anxo Angueira, recente premio Xerais de novela, e autor –sobradísima garantía poética para avalar labor tan complexo– de *O valo de Manselle*. A tradución correu a cargo da profesora Emma Lázare, quen conta cunha recoñecida traxectoria (lembramos, por exemplo, *L'amour, le Roi Arthur*) á hora de temperar palabras entre a nosa lingua e o francés.

[158] O prólogo de Angueira dá preferencia, como é lóxico, ao período que enmarca a selección, e servirá para informar a un lector presumiblemente alonxado da nosa cultura verbo de acontecementos histórico-literarios sen os cales a inmersión nos textos resultaría máis azarosa. Esa mesma intencionalidade explica que se escollan para abrir a obra dous poemas emblemáticos de Luís Pimentel: o primeiro («A Rosalía»/ *À Rosalía*) fai homenaxe crítica á poeta que, con Pondal, configura a literatura contemporánea en galego; o segundo («Cunetas»/ *Fossés*) escenifica a violenta chegada do século XX ao cerne deste país.

A partir de aí, a recepción estranxeira dos poemas e a nosa debe ser moi distinta. As lectoras e lectores en lingua francesa irán debullando os textos –distribuídos, para min, co mellor criterio xeneracional– e abríndose de vagar a un universo de amplitude e calidade quizais inesperadas.

Non vén logo ao caso polemizar desde aquí sobre a idoneidade de nomes e poemas: na escolma que temos entre maos escolleuse, con prudencia, a maior representación corenta e oito voces, se mal non contei en prexuízo da intensidade. Que este autor sobre ou aquel texto se ache en falta son accidentes habituais de calquera panorámica. Que os nomes inescusables desde o 36 se puidesen reducir a un feixe de dez poetas é obvio, se ben hai que notar, precisamente, que os dous textos de Pimentel, Cunqueiro e Ferrín insinúan –fronte ao poema único por cada poeta– a súa importancia fulcral, como se di agora. Só unha obxección que, estou certo, responde ás présas editoriais: Manuel Outeiriño excede, como no caso, este si aclarado, de Eusebio Lorenzo, o límite cronolóxico (nacemento antes de 1960) autoimposto pola antoloxía. Alegrámonos de tal licenza, máis poética que nunca.

Polo demais o resultado equilíbrase con sabencia e imparcialidade, e cumpre a súa función, que non é outra que abrir ao mundo francófono a porta máis notable da nosa cultura; éo tanto que malamente se daría explicado o século que foxe –sen faime ilusión afrance-

salos– *Penélope*, sen *Le pied du marin*, sen *À Compostelle* e outros grandes textos da colectánea. A tal fin, as traducións seméllanos elegantes, respectuosas e axustadas ao ritmo interno de cada poema o meu francés case bacharel non se atreve a ir máis aló.

Creo que sería desexable que a obra puidese disfrutarse en Galicia. Se calquera editorial ou distribuidora quixesen, non resultaría difícil distraer algún exemplar ás librarías ou ás bibliotecas; esta difícil arte da retrospectiva literaria anima ao debate e pode interesar, ademais, certo segmento do público que olla un pouco de esguello a poesía galega, ou simplemente non a coñece.

Só queda felicitar a quen fixo posible este paso adiante, polo que ten de divulgador e tamén polo exemplo que senta cara iniciativas similares noutros idiomas. Gracias a empeños coma este existimos máis e, ao paso, alargamos o horizonte poético da lingua francesa.